



OMIRI

BAILE ELECTRÓNICO

O ARTISTA

Vasco Ribeiro Casais é un dos músicos máis orixinais de Portugal, mesturando a tradición coa modernidade e creando un espectáculo sorprendente.

Omiri é, por riba de todo, remix, a cultura do século XXI, mesturando nun só espectáculo prácticas musicais xa esquecidas e facéndoas permeables e accesibles á cultura dos nosos días, sincronizando formas e músicas da tradición rural portuguesa coa lingua da cultura urbana.

En Omiri a música e a cultura portuguesa son ricas e gústanse a si mesmas.

O ESPECTÁCULO

Omiri é un dos máis orixinais proxectos de reinvencción da música tradicional portuguesa.

Para reinventar a tradición, nada mellor que levar ao propio espectáculo aos verdadeiros actores da cultura portuguesa; músicos e sons de todo o país tocando e cantando coma se foran parte de un mesmo universo. Non en carne e oso, pero si en son e imaxe, coas gravacións transformadas e manipuladas en tempo real, servindo de base para a composición e improvisación musical de Vasco Ribeiro Casais.

Tamén propón un baile onde todos os temas tocados son bailables, segundo o ritmo e movemento das danzas tradicionais portuguesas e non só. (Raps, Drum'n'bass, Malhões, Viras, Break Beat, Corridinhos...).

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Vasco Ribeiro Casais

XÉNEROS: electronica, folk, world, & country



75'



TODOS OS PÚBLICOS



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA